



BANDO

David Barbeira García, Alcalde-Presidente do Concello de Santa Comba, fai saber a toda a veciñanza que o Concello de Santa Comba atópase no nivel medio-baixo.

Elímínase o toque de queda desde o 8 de maio, agás nos concellos de nivel máximo.

O 9 de maio, Galicia deixa de estar pechada perimetralmente.

Tralo fin do estado de alarma, as novas restriccións fronte ao impacto do coronavirus en Galicia son as seguintes:

-Dende hoxe, cafeterías e bares poderán abrir ata as 23.00 horas e os restaurantes, ata a 1:00 horas, sempre que conten con licenza de restaurante, funcionen con cita previa, conserven rexistro de clientes, garanten a calidade do aire e controlen o CO₂ do local. O aforo na terraza será do 75% e no interior do 50%.

-As **xuntanzas de persoas non conviventes limitaranse a 6 no exterior e 4 no interior.** As reunións de persoas non conviventes estarán limitadas en horario de 1:00 a 6:00 horas.

-As persoas usuarias dos centros de día poderán saír dar paseos pola contorna cos coidadores/as. Nas residencias, permitirase o contacto físico nas visitas, os maiores poderán saír ata cinco veces por semana e ir pasar uns días coas súas familias.

-Velatorios e enterros: 10 persoas por túmulo, sexan ou non conviventes e 25 persoas no exterior, sexa ou non conviventes. Nos lugares de culto 50% da capacidade e garantir a distancia de seguridade de 1,5 metros.

-Comercios e servizos: 50% capacidade.

-Academias, autoescolas, centros privados ensino non regrado e centros de formación: 50% da capacidade.

-Bibliotecas, arquivos, museos, salas de exposición etc, 50% capacidade; max 4 persoas/grupos+guía.

-Competicións deportivas, cines, teatros, auditorios, congresos, etc público sentado, 1,5 m distancia, 50% capacidade; 500 persoas interior/1000 aire libre, fluxo xente, desinfección, ventilación, rexistro de asistentes.

-Actos e reunións laborais, institucionais, académicas ou profesionais: 50% da capacidade máximo 150 persoas lugares pechados/ 300 aire libre.

-Centros, servizos sanitarios: 1 acompañante/menor, dependente ou xestante.

-Turismo ao aire libre organizado por empresas: grupos máximos de 8+monitor.

-Actividades infanto-xuvenís: aire libre 50% participación, máx 50+monitores grupos máx 6 persoas /espazos pechados 25 máximo, grupos ata 4 persoas, non contacto entre grupos.

-Lecer infantil 50%, 1 monitor/10 participantes, máx 6 rapaces/grupo no exterior/ max 4 rapaces/grupo interior.

-Centros sociocomunitarios, centros cívicos, de convivencia, sociais...30%, máximo 4 persoas + monitor.

-Actividade cinexética e pesca permitida.

-Actividade deportiva non federada: ao aire libre grupos máximo 6 persoas + monitor, sen contacto físico e con máscara// en centros pechados grupos 4 persoas+monitor, 50% capacidade, vestiarios 30% capacidade, ventilación frecuente// piscinas 50% capacidade. Deporte federado segundo protocolos.

Recordar: Máscara obrigatoria, agás ao momento de comer, beber e fumar, conviventes no vehículo, deporte individual/actividades individuais de esforzo físico non deportivo: ao aire libre sempre con distancia de seguridade.

Santa Comba, 8 de maio de 2021

O Alcalde:

David Barbeira García